

**IDEAS**  
**PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS**  
**29 OUTUBRO 2023**

## **A lei é o AMOR**

### **1. VER: Necesitamos normas, límites**

- **Na vida e no xogo necesitamos normas** para poder movernos sen que nos estorbemos uns a outros. Se non hai límites nunha familia, se cada un fai o que quere ou chega á hora que lle parece non haberá forma para comer xuntos e convivir. O mesmo pasa se xogamos un partido sen árbitro ou conducimos pola cidade sen respectar as normas.

***Tedes normas na clase?  
Para que serven os límites, as leis?***

### **2. XULGAR: A lei do amor que nos deixa Xesús**

- No evanxeo deste domingo, Xesús explícanos o máis importante na vida, o que temos que facer para ser felices. El resúmeo nisto: ***“Amarás a Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con todo a túa ser. E amarás ao teu próximo como a ti mesmo”.***

### **QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?**

- **Tamén nós nos preguntamos** ás veces: Que será o que nos fai parecermos a Xesús se queremos seguilo? Hai algo fundamental que nos identifique aos cristiáns? Cal é a norma imprescindible que nos deixou Xesús? A resposta é AMA. O amor é a única lei que nos deixa Xesús, sen amor non son nada. Esa única lei ten dous camiños.

- **AMA A DEUS:** O primeiro que fai un pai musulmán ao nacer o seu fillo é dicirlle ao oído: *“Deus quérete e vaiche querer toda a vida”*. E Xesús di: **“ámao con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente”**. Todo un reto cando nos deixamos levar por outros deusiños, outros intereses. Deus quérete, sentirse querido por El e ámalo. Paulo está orgulloso dos tesalonicenses porque *“abandonan os ídolos e serven ao Deus verdadeiro”*.
- **AMA O PRÓXIMO:** O que se sente querido por Deus ama a todos os que atopa, os outros fillos de Deus, os irmáns e irmás.
- **Amar a Deus e ao próximo deben ir SEMPRE UNIDOS.** O corazón do evanxeo é amar a Deus e aos outros, os dous son un. Ama a Deus e ao próximo, bica os pés cansos de quen camiña e bica a Deus mesmo nel. Este é o mandamento único, humano e divino, perenne.
  - *En que se nota que amo a Deus?*
  - *A cantos lles demostrei hoxe que os quero?*

-

### 3. ACTUAR: Regala o amor que Deus che ten

- Esta semana vive o reto do amor (amar-amar-amar), amar unha morea: Amar a Deus buscando momentos ao día para dicirlle a Deus que o queremos e así nolo lembramos a nós mesmos. E amar ao próximo axudando ao que está á beira, dando un sorriso, ao que se me achega, obedecer sempre os pais...
- Constrúide o **cartel deste domingo de Fano** da portada e explicar o que significa na misa do domingo. Tamén se pode facer **un cartel cun labirinto** e un título: “Deus non é un labirinto porque...” (completámolo) e pola parte de atrás debuxamos un **corazón** cun título: “Deus é así porque...” (e completámolo).
- Pensa en **persoas que necesitan ser queridas** e mira como podes realizalo.

- *Que vas facer?*

## LECTURAS

**ÉXODO 22,20-26:** *Se explotades a viúvas e a orfos, acenderase a miña ira contra vós.*

*Isto di o Señor: «Non maltratarás nin oprimirás o emigrante, pois emigrantes fostes vós na terra de Exipto. Non explotarás a viúvas nin a orfos. Se os explotas e gritan a min, eu escoitarei o seu clamor, acenderase a miña ira e matareivos a espada; as vosas mulleres quedarán viúvas e os vosos fillos orfos. Se prestas diñeiro a alguén do meu pobo, a un pobre que habita contigo, non serás con el un usureiro cargándolle intereses. Se tomas en peza o manto do teu próximo, devolveraslo antes de poñerse o sol, porque non ten outro vestido para cubrir o seu corpo, e onde, se non, se vai deitar? **Se grita a min, eu escoitareino, porque eu son compasivo».***

*Palabra do Señor.*

**SALMO 17: R/. Eu ámote, Señor; ti es a miña fortaleza.**

**1ª TESALONICENSES 1,5c-10:** *Convertéstesvos, abandonando os ídolos, para servir a Deus e vivir agardando a volta do seu Fillo.*

Irmáns: Sabedes como nos comportamos entre vós para o voso ben. E vós seguistes o noso exemplo e o do Señor, **acollendo a Palabra** no medio dunha gran tribulación, coa alegría do Espírito Santo. Así chegastes a ser un modelo para todos os crentes de Macedonia e de Acaia. Non só resoou a palabra do Señor en Macedonia e en Acaia desde a vosa comunidade, senón que ademais a vosa fe en Deus difundíuse por todas as partes, de modo que nós non tiñamos necesidade de explicar nada, xa que eles mesmos contan os detalles da visita que vos fixemos: **como vos convertestes a Deus, abandonando os ídolos, para servir ao Deus vivo e verdadeiro**, e vivir agardando a volta do seu Fillo Xesús desde o ceo, a quen resucitou de entre os mortos e que nos libra do castigo futuro.

*Palabra do Señor.*

**MATEO 22,34-40:** *Amarás a Deus e ao próximo como a ti mesmo.*

**Narrador:** Naquel tempo, os fariseos, ao oír que Xesús fixera calar os saduceos, reuníronse nun lugar e un deles, un doutor da lei, preguntoulle para poñelo a proba:

**Fariseos:** -«*Mestre, cal é o mandamento principal da lei?*».

**Narrador:** El díxolle:

Xesús: -«*“Amarás ao Señor o teu Deus con todo o teu corazón, con toda a túa alma, con toda a túa mente”*. Este mandamento é o principal e primeiro. O segundo é semellante a el: *“Amarás ao teu próximo como a ti mesmo”*. Nestes dous mandamentos sostéñense toda a Lei e os Profetas».

*Palabra do Señor.*

**(Narrador-Fariseos-Xesús).**